



Teaching Guide

Identifying Data					2020/21
Subject (*)	Practicum I		Code	652G03027	
Study programme	Grao en Educación Social				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Third	Obligatory	12	
Language	Galician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites	Para matricularse no Prácticum I é necesario ter superados 90 créditos.				
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e DidácticaPsicoloxía				
Coordinador	Gómez Sánchez, Tania Fátima	E-mail	tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es		
Lecturers	Arias Rodriguez, Maria Alicia Arza Arza, Neves Duran Bouza, Montserrat Garcia Mira, Ricardo Antonio Iglesias Galdo, Ana Maria Lorenzo Castiñeiras, Juan J. Malheiro Gutiérrez, José Manuel Pérez Crego, María Cristina Piñeiro Aguin, Isabel Ríos de Deus, María Paula Rumbo Arcas, María Begoña Serantes Pazos, Araceli	E-mail	alicia.arias.rodriguez@udc.es neves.arza@udc.es montserrat.duran.bouza@udc.es ricardo.garcia.mira@udc.es ana.iglesias@udc.es j.lorenzo.castineiras@udc.es jose.malheirog@udc.es cristina.pcrego@udc.es isabel.pineiro.aguin@udc.es paula.rios.dedeus@udc.es begona.rumbo@udc.es araceli.serantes.pazos@udc.es		
Web	www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum				



<p>General description</p>	<p>CORREO-E: practicum.educacion@udc.es</p> <p>Créditos e presencialidade</p> <p>Dos 12 créditos ECTS da materia (300 horas), o 45% son de carácter presencial (135 horas) e o 55% de traballo autónomo (165 horas)</p> <p>Das 135 horas de carácter presencial, 125 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (25 horas semanais), e as 10 horas restantes adicaranse a sesións informativas e titorías na Facultade.</p> <p>Durante o desenvolvemento do Practicum I suspenderase a docencia no resto das materias correspondentes ao segundo cuadrimestre do terceiro curso da Titulación.</p> <p>Contextualización</p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación dos plans de estudo acorde cos requirimentos do novo Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no 1999 coa Declaración de Bolonia e que destacaba a importancia de reforzar a investigación-innovación-educación para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito: "Os títulos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional" (art.9.1), de tal maneira que contempla a posibilidade de establecer prácticas externas que virían a "reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecendo a formación?...proporcionando un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará" (Preámbulo) (RD 1393/2007, de 29 de outubro, de Ordenación das ensinanza universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, facilitando que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais, senón tamén asignarlle un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes que se usen para poñer en funcionamento a investigación. Trátase de situar a práctica profesional no centro da formación, como elemento a ter en conta no exercicio profesional, onde a reflexión sobre a experiencia converta dita experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementando a capacidade de aprender con autonomía, potenciando a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p>
<p>Contingency plan</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Modifications to the contents 2. Methodologies <ul style="list-style-type: none"> *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy

Study programme competences / results	
Code	Study programme competences / results
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.



A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos.
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Familiarizarse cos diferentes contextos profesionais inherentes á Educación Social	A1 A14	B2 B5 B6	C1 C4 C7 C8
Identificar e analizar os factores sociais, contextuais e institucionais que afectan aos procesos de acción socioeducativa.	A3 A5 A8 A11 A14	B2 B5	C4
Desenvolver unha disposición favorable ao traballo colaborativo e en equipo en contextos profesionais.	A20	B3 B6	C1 C4 C7 C8

Contents	
Topic	Sub-topic
1. Características xerais da institución: contexto, infraestrutura, titularidade, organigrama, dinámica institucional, relación coa contorna,... 2. Protagonistas da acción socioeducativa: profesionais, colectivos destinatarios. 3. Proxectos de acción socioeducativa: obxectivos, actuacións, recursos, avaliacións, resultados,... 4. A Educación Social no ámbito das prácticas.	Estes contidos estarán relacionados e adaptaranse aos seguintes ámbitos: 1. Dinamización cultural-ambiental. 2. Diversidade funcional. 3. Exclusión-inclusión-servizos sociais. 4. Maiores. 5. Menores. 6. Multiculturalidade-Cooperación-Desenvolvemento. 7. Políticas de igualdade-Muller. 8 Saúde-Drogodependencias.



Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Field trip	A1 A8 A11 A20 B3 B5 B6 C1 C7	125	0	125
Document analysis	A3 A5 C8	0	30	30
Student portfolio	A3 A5 A8 A14 B2 C4	0	120	120
Seminar	A14 A20 B5 C1 C4 C7 C8	10	0	10
Personalized attention		15	0	15

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Field trip	Constitúen as prácticas pedagóxicas: 125 horas de permanencia na institución socioeducativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións socioeducativas cos profesionais da propia institución etc.
Document analysis	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Practicum I dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institucións socioeducativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención socioeducativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade socioeducativa.
Student portfolio	Memoria na que o alumnado rexistra e reflexiona sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante o periodo de prácticas. Está organizada nos seguintes oito apartados: Introducción; Características xerais da institución; Protagonistas da acción socioeducativa; dos servizos aos proxectos; Diario de Practicum; Conclusións; Referencias; Anexos. O Diario de Practicum recollerá entre 5 e 7 entradas organizadas temáticamente. Cada entrada debe contemplar unha descrición do observado e unha reflexión fundamentada nos coñecemento teórico-prácticos. En todo momento garatirase a confidencialidade das persoas implicadas.
Seminar	1. Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar ao alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum. 2. Selección da institución (2 horas). 3. Tres seminarios de titoría durante o Practicum co profesorado titor (6 horas). - Antes de incorporarse á institución de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna. - Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común do traballo realizado ata o momento co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. - Ao finalizar a estadía na institución, de avaliación e reflexión final do practicum.

Personalized attention	
Methodologies	Description



Seminar	A atención personalizada concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado, polo que implican unha participación obrigatoria para os alumnos.
Field trip	
Student portfolio	A forma e o momento en que se desenvolverá indicaranse para cada actividade ao longo do Practicum I e o plan de traballo. Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías. O/a Titor/a da UDC realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. O/a Titor/a da UDC manterá unha fluidez comunicativa co titor/a da institución, de maneira que garante o desenvolvemento adecuado do practicum.

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Seminar	A14 A20 B5 C1 C4 C7 C8	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios: - Asistencia a todas as sesións presenciais - Calidade das achegas á hora de expresar dúbidas razoables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.	10
Field trip	A1 A8 A11 A20 B3 B5 B6 C1 C7	O/a titor/a da institución colaborador/a realizará a avaliación de implicación e actuación do alumnado no centro/aula	45
Student portfolio	A3 A5 A8 A14 B2 C4	O titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolio cos seguintes criterios: - Capacidade de relación teoría-práctica, capacidade para relacionar ideas e accións. - Dominio conceptual e capacidade analítica. - Capacidade de argumentar e fundamentar. - Expresión escrita propia e claridade expositiva. - Capacidade de descripción de escenarios, situacións e accións. - Capacidade de autoavaliación e autocrítica.	45

Assessment comments
<p>a) Requisitos para superar a materia:</p> <ol style="list-style-type: none"> Para aprobar a materia será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: prácticas socioeducativas e portafolios. O portafolios deberá ser subido a Moodle nas datas indicadas. <p>b) Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):</p> <ol style="list-style-type: none"> As prácticas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. Isto supón que un suspenso nas mesmas na oportunidade de xuño implica a non superación da materia. Os seminarios non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere o portafolios na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación. <p>c) Cualificacións:</p> <ol style="list-style-type: none"> A cualificación final será a media das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo. O profesorado titor/a da Facultade será o encargado de solicitar a cualificación do centro de prácticas e de realizar as medias correspondentes que serán enviadas ao Decanato. No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota da parte non superada. Non realizar as prácticas socioeducativas estando matriculado na materia supón un Non Presentado. Non presentar o portafolios tendo as prácticas socioeducativas superadas supón un suspenso.

Sources of information



Basic	Cómpre consultar a bibliografía das diferentes materias da titulación segundo o ámbito elixido e de acordo coas indicacións dos titores.
Complementary	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

O envío do portafolios será telemático vía Moodle. De requirir o profesorado titor/a unha copia en papel, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Co fin de favorecer o axuste á planificación e temporalización da materia, aquel alumnado que teña previsto solicitar a ampliación da matrícula e incluír o practicum na mesma é necesario que o notifique un mes antes do inicio das prácticas. Deberá remitir un email a practicum.educacion@udc.es, aínda que nese momento non cumpla os requisitos, co fin de facilitarlle as indicacións oportunas.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.